

PASPALLÁS

Boletín divulgativo da Sociedade Galega de Historia Natural sghn.org




N.º 61, maio 2023

exemplar gratuito



A revista PASPALLÁS é o boletín divulgativo da Sociedade Galega de Historia Natural (S.G.H.N.) e finánciase única e exclusivamente coa aportación das cotas dos seus socios. Excepcionalmente este número está financiado con fondos do Erasmus+ para o proxecto “Climate Change studies and research in the EU” por ser entidade colaboradora do proxecto.



Este proxecto forma parte da Obra Social da Fundación Antón Losada Diéguez que coordina conxuntamente co resto dos socios como parte do seu traballo non-profit para a promoción da Cultura Galega.





PASPALLÁS
Boletín divulgativo da Sociedade Galega de Historia Natural sghn.org

Nº 61, maio 2023

exemplar gratuito

PASPALLÁS

Revista divulgativa da SGHN e do medio natural galego.

Fundada en 1981

As opinións expresadas, (agás a Editorial) non son necesariamente as da súa Xunta Directiva Xeral.

SGHN

Apdo. de Correos nº 330
15780 Santiago de Compostela
sghn@sghn.org sghn.org

Editor

Xosé Lois Rey Muñiz

Colaboradores

Moisés Asensi Cabrita
Javier Ferreiro da Costa
Xosé Ramón García Martínez
Serafín González Prieto
Pablo Ramil Rego
Álvaro María Rodríguez Pomares

Foto portada

Pupa de *Euphydryas aurinia*

Deseño imaxe Paspallás

Calros Rodríguez Silvar

Maquetación

Xosé Lois Rey Muñiz,
Mariña Rey Noya

Os artigos publicados nesta revista citaranse:

Autor, ano, título do artigo. Paspallás,
Boletín Divulg. Soc. Gal. Hist. Nat. nº e
paxinación.

Data Publicación

27/04/2023

I.S.S.N.

1132-0567

D.L.

C 1590/91

Imprime

TORCULO COMUNICACION
GRAFICA,S.A.



EDITORIAL

Neste número 61 da revista Paspallás recóllense as fichas do terceiro ano do Proxecto Erasmus+ “Estudios do cambio climático e investigación na Unión Europea”. Por que debe ter continuidade na formación como persoas do alumnado participante, é un proxecto destinado a facerse preguntas de porque estas especies analizadas chegaron a esta situación.

Coas complicacións propias dun proxecto como este, condimentadas cunha pandemia polo medio, estes proxectos deben espertar a curiosidade dos receptores por algo previamente ignorado, fomentando persoas formadas, responsables dos seus actos e concienciadas e, quen sabe, quizais agromando novos sementadores que axuden a reverter a actual situación. Non por manida, deixa de ser certa a frase “Para que triunfe o mal, só é necesario que os bos non fagan nada” dita por un político e filósofo pouco sospeitoso de liberal.

Pasaron polo medio a COP 26 (2021) e COP 27 (2022) e para decembro deste ano está prevista a COP 28. Quizais canse a lentitude dos acordos e obxectivos, pero sen perder o horizonte de que hai que apurar, pensemos onde estaríamos se non se tivese falado previamente destes temas, as veces con cansazo.

A conservación ambiental non pode ser unha decisión ideolóxica, pois afecta a todos por igual, ós que creen que se pode facer algo e ós que non lles importa perder unha riqueza e singularidade, polo momento, única no universo.



Editorial	3	Neste tercer e último Paspallás dedicado
Os autores	5	ó proxecto Erasmus+ non podemos deixar
As especies	6	de agradecer as múltiples colaboracións e
<i>Quercus lusitanica</i>	7	axudas obtidas para desenvolver ó proxecto. Ó
<i>Silene marizii</i>	8	promotor, a fundación Fundación Antón Losada
<i>Armeria merinoi</i>	9	Diéguez a través do Miguel Losada, ós socios
<i>Genista ancistrocarpa</i>	10	participantes de de Irlanda e Croacia.
<i>Eryngium viviparum</i>	11	Dentro dos colaboradores internos, a
<i>Linaria polygalifolia</i>	12	Manuel Arzúa Piñeiro, Moisés Asensi Cabirta,
<i>Succisa pinnatifida</i>	13	Xoan Cameán Santamaría, Javier Ferreiro da
<i>Centaurea borjæ</i>	14	Costa, Xoan Ramón García Martínez, Serafín
<i>Centaurea ultreiae</i>	15	González Prieto, Pablo Ramil Rego Carlos Rey
<i>Crepis novoana</i>	16	Rañó, Lidia Romero Amich, Amancio Losada
<i>Hydrocharis morsus-ranae</i>	17	Vicente e Álvaro Rodríguez Pomares
<i>Rhynchospora modesti-lucennoi</i>	18	Ós profesores, porque isto é un traballo
<i>Carex hostiana</i>	19	extra para enriquecer ós alumnos.
<i>Deschampsia setacea</i>	20	Queremos deixar patente os parabéns
<i>Narcissus minor</i>	21	que transmitiron diversas persoas ó profesorado
<i>Spiranthes aestivalis</i>	22	e alumnado, porque todo leva tempo e traballo.
<i>Euphydryas aurinia</i>	23	Nos esperamos que o alumnado bote a
<i>Cetorhinus maximus</i>	24	vista atrás e sinta satisfacción polo aprendido.
<i>Hippocampus guttulatus</i>	25	
<i>Salmo salar</i>	26	
<i>Rana iberica</i>	27	
<i>Vipera latastei</i>	28	
<i>Lacerta schreiberi</i>	29	
<i>Tetrao urogallus</i>	30	
<i>Aquila crysaetos</i>	31	
<i>Felis silvestris</i>	32	
<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	33	
Tres anos de proxecto Erasmus +	34	
Estudo do cambio climático e investigación na UE		
E Rianxo, que?		

Enlace á web sobre o proxecto





Listado do alumnado participante

Mayra Figueiro Regenjo
Carlota Rey Somoza
Sara Tubío Lojo

Claudia Gómez Regenjo
Tania Rodríguez Tourís
Daniel Vidal Pineireiro

Silvia Piña López
Lorena Sobrado Rodríguez

Profesorado Eramus+ 2022-2023

Manuela Martínez Dourado e Ramón M. Veiga Fernández.

Fotografías (créditos e atribución de uso)

Quercus lusitanica Xosé Lois Rey Muñiz

Silene marizii

Armeria merinoi Pablo Ramil Rego

Genista ancistrocarpa Xosé Ramón García Martínez

Eryngium viviparum Serafín J. González Prieto

Linaria polygalifolia Serafín J. González Prieto

Succisa pinnatifida Javier Ferreiro da Costa

Centaurea borjae Xosé Lois Rey Muñiz

Centaurea ultreiae Pablo Ramil Rego

Crepis novoana Pablo Ramil Rego

Hydrocharis morsus-ranae Pablo Ramil Rego

Rhynchospora modesti-lucennoi X. R. García Martínez

Carex hostiana Gerhard Nitter-[https://species-id.net/openmedia/File:Carex_hostiana_3_\(G._Nitter\).jpg](https://species-id.net/openmedia/File:Carex_hostiana_3_(G._Nitter).jpg)

Deschampsia setacea Pablo Ramil Rego

Narcissus minor Xosé Lois Rey Muñiz

Spiranthes aestivalis Xosé Lois Rey Muñiz

Euphydryas aurinia Xosé Lois Rey Muñiz

Cetorhinus maximus Greg Skomal / NOAA

Basking Shark (in English). NOAA Fisheries Service. National Oceanic and Atmospheric Administration. Fisheries Service

Hippocampus guttulatus Massimiliano De Martino cc-by-sa-3.0 https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Hippocampus_guttulatus.jpg

Salmo salar De Hans-Petter Fjeld - Trabajo propio, CC BY-SA 2.5, <https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=1012293>

Rana iberica Moisés Asensi Cabrita

Vipera latastei Moisés Asensi Cabrita

Lacerta schreiberi Xosé Lois Rey Muñiz

Tetrao urogallus Piastu [https://commons.wikimedia.org/wiki/File:G%C5%82uszec_\(Tetrao_urogallus\),_%C5%82%C3%B3dzkie_zoo.jpg](https://commons.wikimedia.org/wiki/File:G%C5%82uszec_(Tetrao_urogallus),_%C5%82%C3%B3dzkie_zoo.jpg)

Aquila crysaetos Álvaro M. Rodríguez Pomares

Felis silvestris Luc Viatour / <https://Lucnix.be>

Pipistrellus pipistrellus Álvaro M. Rodríguez Pomares



Nome científico: *Quercus lusitanica* Lam.
Nome galego: carballiza
Nome inglés: gall oak

Introdución

Esta especie é unha reliquia do Terciario. Este carballo arbustivo aparece raramente en Galicia e Cantabria, está moi afectado polas talas e queimas que historicamente o reduciron hasta o límite da extinción. No monte Pindo atópase a única poboación galega.

Situación Taxonómica

Orde Fagales de anxiospermas (plantas con flores), que inclúe algunhas das árbores máis coñecidas, entre as que se atopan, por exemplo, as principais especies silvícolas de Galiza e da Familia Fagaceae de árbores ou arbustos propios do hemisferio norte que nas rexións temperadas son maioritariamente caducifolios.

Distribución

Trátase dunha especie autóctona do Mediterráneo suroccidental (España, Portugal e Marrocos). A poboación galega deste tipo de carballo arbustivo é o límite da especie polo norte. En España atópase na metade norte. En Galicia está presente no Monte Pindo. Distribúese por debaixo dos 700 m e asóciase a temperaturas suaves.

Morfoloxía

Pequena árbore perennifolia que pode alcanzar 2 m de altura, coa codia dunha cor gris escura. Follas simples, ovado-lanceoladas, levemente pilosas por ambas as caras, algo coriáceas, lixeiramente dentadas. Face verde reluciente e envés máis pálido e glauco.

Historia Natural

Florece en abril-maio. A distribución actual está ligada a temperaturas relativamente suaves e choivas ou brétemas frecuentes, que minimicen o período de seca, como é o Pindo.

Ameazas

Os lumes que arrasaron o monte Pindo en setembro de 2013 fan difícil a supervivencia desta comunidade.


Categoría global UICN: LC (Preocupación Menor)

Categoría España IUCN: NT (Case Ameazado)

Catálogo galego: VU (vulnerable)

Acción correctiva

Todas as actuacións deben dirixirse a reducir as ameazas actuais, especialmente os lumes forestais e potenciar as súas escasas poboacións. En zonas potencialmente estables debería promover a repoboación artificial.



Bibliografía/Webgrafía

https://cmatv.xunta.gal/secciontema/c/CMAOT_Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Dinamico/Especies/Ameazadas/Flora_vulnerable/especie_0022.html

https://gl.wikipedia.org/wiki/Carballo_anano

<https://www.usc.es/revistas/index.php/nacc/article/viewFile/4367/4936>



Nome científico: *Silene marizii* Samp.
Nome galego: Silene de Mariz
Nome inglés: Catchfly

Introducción

Endemismo subrupícola granítica do noroeste e centro peninsular do unicamente se conservan 5 poboacións con menos de 400 individuos, desaparecendo nos últimos tempos poboacións coñecidas.

Situación Taxonómica

Da Orde Caryophyllales de anxiospermas moi heteroxéneas, inclúe cactus, plantas carnívoras, amarantos, acelga, espinaca coma especies representativos e da Familia Caryophyllaceae de herbáceas e raramente arbustos.

Distribución

Noroeste e centro da Península Ibérica. Tanto nas provincias do norte de Portugal como nas provincias de Ourense, Salamanca e Ávila.

Morfoloxía


Planta dioica, perenne, rizomatosa, densamente glandulosa. Follas espatuladas a oblanceoladas. Flores con cáliz glanduloso. Corola branca a branco-rosada. Filamentos estaminais vilosos na base. Cápsula subcónica, de dentes rectos. Sementes tuberculadas, con tubérculos obtusos, de caras convexas e dorso convexo. Diferénciase de *Silene dioica* (L.) por ter pelos glandulíferos nos tallos.

Historia Natural

Endemismo que coloniza noiros pedregosos e afloramentos graníticos, en ambiente sombrío. É un hemicriptófito dioico, entomófilo xeralista e sen adaptación á dispersión. Florece de abril a setembro e as flores femininas frutifican de xuño a outubro. Forma parte de comunidades semellantes á alianza *Bartramio-Polypodium serrati* (Anomodonto-Polypodietea) mentres que noutras forma parte de comunidades dificilmente clasificables con plantas propias de *Phagnalo-Rumicetea indurati*, *Asplenietea trichomanes*, *Artemisietea vulgaris* e *Helianthemetea guttati*, entre outras, como *Sesamoides purpurascens*, *Sedum hirsutum*, *Umbilicus rupestris*, *Logfia minima*, *Jasione montana*, *Agrostis castellana*, *Silene acutifolia*, *Festuca elegans*, *Geranium lucidum* ou *Leucanthemopsis pallida* ssp. *flaveola*.

Ameazas

Son de tipo antrópico pola creación de novas vías de comunicación, obras de acondicionamento das vías, limpeza dos noiros laterais de forma mecánica ou utilizando herbicidas. Tamén ameazas de tipo biótico polo escaso número de efectivos dalgunhas poboacións, por debaixo do mínimo viable, e hibridación con *Silene dioica*, coa que é simpátrica algunha das poboacións galegas.



Agás unha poboación, as outras catro están nun estado de conservación alarmante.

Categoría global UICN: CR (perigo crítico)

Categoría España IUCN: CR (perigo crítico)

Catálogo galego: VU (vulnerable)

Acción correctiva

En Galicia para a conservación aparece no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. As poboacións galegas están situadas nos Parques Naturais Baixa Limia-Serra do Xurés e Montes do Invernadeiro. Para a conservación propónse o almacenamento en bancos de xermoplasma e cultivo e micropropagación *in vitro* como método para conservar a especie *ex situ* a longo prazo e poder realizar, nos casos necesarios, reintroduccións ou reforzamentos das poboacións existentes. Como intervención *in situ* propónse o seguimento pobocional de todas as poboacións e, nalgún caso, a protección física e cercado.

Bibliografía/Webgrafía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/09047122801a347b_tcm30-99694.pdf

<https://es.wikipedia.org/wiki/Caryophyllales>

<https://www.asturnatura.com/especie/silene-marizii>



Nome científico: *Armeria merinoi* (Bernis) Nieto Fel. & Silva Pando

Nome galego: herba de namorar de Merino

Nome inglés: Thrift

Introducción

Endemismo galego de distribución restrinxida aos solos temporalmente encharcados ultrabásicos. Algunha das poboacións non se localizou nos últimos anos. A probabilidade de extinción en Melide en 10 anos é do 22%, e en 20 anos é do 97%, mentres que en Toques en 10 anos é do 3%, e en 20 anos é 61%.

Situación Taxonómica

Da Orde Plumbaginales de anxiospermas, herbáceas, arbustos ou lianas, gamopétalas da única Familia Plumbaginaceae de plantas fanerógamas de distribución cosmopolita.

Distribución

Poboacións localizadas na serra do Careón, ligadas ao afloramento serpentínico e incluídas no LIC Serra do Careón, nos concellos de Melide e Toques (A Coruña) e unha cita no concello de Agolada (Pontevedra) que nos últimos anos non foi localizada.

Morfoloxía


Planta vivaz de follas basais lineais ou sublineais, planas. Escapos de 15-18 cm. Brácteas externas, involucrais de 11-17 mm, mucronadas, glabras, as externas máis longas, ovadas e cuspidadas. Cáliz de 4,5-5,8 mm. Corola rosada e lilacina. Flores hermafroditas, polinizadas por insectos.

Historia natural

Vivesobresustratoultrabásico(serpentinas, peridotitas), en solos empozados temporalmente, en ambientes de *Isoeto-Nanojuncetea*. As especies acompañantes son: *Sedum marieanum*, *Sagina merinoi*, *Hypericum humifusum*, *Juncus bufonius*, *Exaculum pusillum*, *Cicendia filiformis*, *Plantago serpentina*... Nalgúns núcleos (Toques, Barazón) o período de empozamento é menor e a especie medra en claros de mato de *Erica cinerea* e *Ulex* sp., acompañada de *Sagina merinoi*, *Plantago serpentina*, *Jasione montana*, etc. Este xénero apenas presenta barreiras de infertilidade interespecíficas, favorecendo procesos de evolución reticulada. Algúns exemplares das zonas de transición de hábitat presentan caracteres próximos *A. langei* subsp. *daveau*.

Ameazas

Dada a súa escasa distribución ecolóxica, son moitos os factores que poden supoñer unha ameaza, como a construción de novas vías de comunicación, pastoreo ou a explotación forestal. Oo avance da matogueira tamén supón unha ameaza de tipo biótico pola transformación do hábitat, o que despraza á especie. Así como a



posible expansión dun polígono industrial na área de Melide que afectaría ó núcleo da Madanela.

Acción correctiva

Propónse a súa inclusión en listados de protección oficiais, protección efectiva que evite posibles transformacións do hábitat e conserve os usos tradicionais, estudo da ecoloxía da especie e, en caso necesario, elaboración dun plan de manexo do matogueira acompañante.

Categoría UICN Global: CR (en perigo crítico de extinción)

Categoría UICN España: CR (en perigo crítico de extinción)

Catálogo galego: CR (en perigo crítico de extinción)

Bibliografía/Webgrafía

https://gl.wikipedia.org/wiki/Armeria_merinoi

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/971_tcm30-99383.pdf

https://cmatv.xunta.gal/secciontema/c/CMAOTConservacion?content=DireccionXeralConservacionNatureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=DireccionXeralConservacionNatureza/Dinamico/Especies/Deinterese/Endemismos/especie_0010.html



Nome científico: *Genista ancistrocarpa* Spach

Nome galego: Gatiña ánglica

Nome inglés: Petty whin

Introducción

Planta que se encontra en regresión debido á transformación das zonas húmidas nas que vive, ademais da escasa fertilidade da especie (polo menos a poboación galega), tamén é importante o ataque de patóxenos, que lle confire un aspecto moi enfermo. Está en grave perigo de extinción.

Situación Taxonómica

Da Orde fabales, grupo moi homoxéneo con flores actinomorfas ou zigomorfas, hermafroditas, pentámeras, un carpelo. Follas en xeral compostas e estipuladas e froito seco e dehiscente por dúas suturas: legume. Familia Leguminosae (fabaceae) de plantas que producen as legumes que é un froito formado por unha vaina que encerra no interior a semente ou fila de sementes.

Distribución

En España está localizada en 3 poboacións nas provincias de Pontevedra e Huelva que suman uns 300 individuos. en xeral bastante depauperados e con escasa fertilidade. En Galicia atópase exclusivamente en Pontevedra, concretamente no LIC Gándaras de Budiño.

Morfoloxía

Arbusto espiñoso. As follas poden ser trifolioladas ou unifolioladas. O cáliz é lixeiramente piloso. Presenta flores hermafroditas con polinización entomófila realizada por diversos tipos de insectos. Froito con 10-30 sementes; a dispersión das sementes é por autocoria explosiva ao abrirse de forma brusca os legumes, como na maioría das leguminosas.

Historia Natural


Vive en matogueiras encharcadas. Presenta flores hermafroditas con polinización entomófila realizada por diversos tipos de insectos. A dispersión das sementes é por autocoria explosiva ao abrirse de forma brusca as legumes como na maioría das leguminosas. A produción de flores e froitos é escasa na poboación de Budiño e o aspecto de depauperado con moitas ramas secas. A poboación de Budiño vive en matogueiras higrófilas da asociación *Genisto berberideae*, *Ericetum tetralicis* xunto con *Erica tetralix*, *Erica ciliaris*, *Genista berberideae*, *Ulex minor*, *Molinia caerulea*, *Carex durieui*, *Serratula seoanei*, *Lythrum salicaria*, *Rhynchospora modesti-lucennoi*, etc.

Ameazas

A principal ameaza parece ser a súa baixa fertilidade e o parasitismo por fungos, ademais da contaminación de fábricas próximas e desmontes.

Acción correctiva

A poboación de Budiño está no LIC Gándaras de Budiño o que non garante a conservación polo alto grao de ameaza que sofre. Proponse a inclusión nos diferentes listados legais de protección, conservación de sementes en bancos de xermoplasma, cultivo in



vitro, control de enfermidades, protección física, seguimento poboacional e, no caso da poboación de Budiño, reconstrución do hábitat, reintrodución e/ou reforzamento e establecemento dunha microrreserva.

Categoría global UICN: Non evaluado

Categoría España IUCN: CR (perigo crítico)

Catálogo galego: EN (en perigo de extinción)

Bibliografía/Webgrafía

https://cmatv.xunta.gal/secciontema/c/CMAOT_Conseccion?content=Direccion_Xeral_Conseccion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=Direccion_Xeral_Conseccion_Natureza/Dinamico/Especies/De_interese/Endemismos/especie_0016.html
https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/54_tcm30-99324.pdf
<https://www.google.com/search?q=Familia+Leguminosae&oq=Familia+Leguminosae+&aqs=chrome..69i57j0i512j0i22i30l6j0i10i22i30.680j0j15&sourceid=chrome&ie=UTF-8>



Nome científico: *Eryngium viviparum* J.Gay
Nome galego: Cardíño da lagoa
Nome inglés: Holly

Introdución

Endemismo galego que habita en lugares moi específicos. Na península Ibérica as poboacións están moi fragmentadas pola alteración e perda do seu hábitat. Dase por desaparecida en localidades coñecidas dende antigo.

Situación Taxonómica

Da orde Apiales de plantas anxiospermas que inclúe especies moi coñecidas: cenoria, apio, pxiel, hedra e da Familia Umbelliferae (Apiaceae) composta por plantas normalmente aromáticas e de talo oco. Inclúe especies como a cenoria e outros parentes.

Distribución

Endemismo atlántico coñecido do NW de Francia, N de Portugal e NW de España. A súa presenza no NW ibérico, está relegada a España, en Galicia, no interior da provincia de Lugo (Terra Cha), e Ourense das cales só cinco se atopan baixo algunha figura de protección. Cara ó leste concéntrase nun humidal de León e Zamora.

Morfoloxía

Planta acuática bienal de pequeno tamaño que vive somerxida ata 9 meses ao ano. Presenta roseta basal de follas linear-lanceoladas e de bordo denticulado. Talos con ramificación dicotómica. Inflorescencias con 6-9 flores. Estames amarelos que sobresaen da corola. Froitos globosos.

Historia Natural


Desenvólvese en chairas e depresións arxilosas sometidas a encharcamento temporal baixo o clima atlántico. Habita lugares moi específicos. Hai grandes discontinuidades na súa distribución; isto parece estar relacionado cunha progresiva redución dos seus efectivos poboacionais. Participa en comunidades de *Littorelletea* adscritas á alianza *Hyperico elodis-Sparganion*. As súas compañeiras máis habituais son: *R. flammula*, *Baldellia ranunculoides*, *Chamaemelum nobile*, *Isoetes velata*, etc.

Ameazas

A maior ameaza é por perda de hábitat, aínda que o taxón tamén está ameazado pola presión humana e gandeira. O 70% dos efectivos de *E. viviparum* están en Galicia.

Acción correctiva

Algunha poboación presenta un tamaño de viabilidade incerta. Só 5 poboacións galegas se encontran baixo algunha figura de protección. Trátase de espazos integrados na rede Natura



2000. As medidas propostas son a protección física: cercado de áreas concretas, vixianza sobre o hábitat, reintroducción, seguimento poboacional e estudos demográficos.

As principais poboacións na Limia están protexidas pola SGHN por acordos de custodia con propietarios dos terreos e un predio propio. Categoría global UICN: VU (vulnerable) Categoría España IUCN: EN (en perigo de extinción)

Catálogo galego: EN (en perigo de extinción)

Bibliografía/Webgrafía

https://cmatv.xunta.gal/secciontema/c/CMAOT_Conseccion?content=Direccion_Xeral_Conseccion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=Direccion_Xeral_Conseccion_Natureza/Dinamico/Especies/Ameazadas/Flora_perigo_extincion/especie_0020.html

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/1240_tcm30-99523.pdf



Nome científico: *Linaria polygalifolia* subsp. *aguillonensis* (García Mart.) Castrov. & Lago
Nome galego: Paxariños amarelos dos Aguillóns
Nome inglés: Toadflax

Introdución

Especie restrinxida a acantilados e areas costeiras do norte da provincia de A Coruña. En Cabo Vilán viuse afectada polo vertido de fuel do petroliero Prestige e descoñécese o efecto directo sobre a especie, afecta á calidade do seu hábitat.

Situación Taxonómica

Da Orde Scrophulariales, heteroxénea con caracteres recoñecibles coma as follas opostas, pelos glandulares e froitos capsulares e da Familia Scrophulariaceae de herbáceas.

Distribución

As poboacións distribúense ao longo da costa da Coruña en cantís e areas costeiras, desde o cabo Vilán ata Estaca de Bares. Incluídas nos LIC Costa Ártabra e Costa da Morte. As poboacións principais están en Cabo Ortegal (Cariño)(2000 individuos) e Cabo Vilán (700 individuos).

Morfoloxía

Planta perenne, talos de ata 40 cm, ramificados na metade superior. Follas ovado-elípticas. Inflorescencia en acio de 2-6 flores hermafroditas de cor amarela e sépalos desiguais. Apolinización é entomófila. As sementes presentan unha á membranosa ancha que indica dispersión polo vento.

Historia Natural


Habita cantís e areas costeiras. Nas praias da costa coruñesa, nas proximidades dos dous núcleos principais, encóntanse individuos con características intermedias entre *Linaria polygalifolia* e *Linaria aguillonensis*. As especies acompañantes son os endemismos *Crepis novoana* e *Rumex scutatus* sp. *gallaecicus*. Outras especies destes cantís costeiros son: *Lotus glareosus*, *A. pubigera*, *Crithmum maritimum*, *Spergularia rupicola*, etc. En Cabo Vilán, sobre sustrato granítico, vive en cantís formando parte da asociación *Crithmo-Armerietum pubigerae*. Está presente en praias en dunas semifixas coas especies acompañantes *A. arenaria*, *Scrophularia frutescens*, *Silene littorea*, *Omphalodes littoralis* sp. *gallaecica*, *P. maritimum*...

Ameazas

Foi afectada polo vertido do Prestige (no cabo Vilán). Outra ameaza moi importante para esta especie é a construción de paseos e acondicionamento das praias e circulación incontrolada de vehículos polos sistemas dunares. Outra ameaza potencial é a hibridación con *Linaria polygalifolia* spp. *polygalifolia*.

Acción correctiva

Inclusión nos listados legais de protección,



controlar a contaminación, evitar a alteración dos seus hábitats, inclusión en bancos de xermoplasma, cultivo "in vitro" e realización de estudos de demografía e bioloxía reprodutiva.

Categoría global UICN: EN (en perigo de extinción)
Categoría España IUCN: EN (en perigo de extinción)

Catálogo galego: EN (en perigo de extinción)

Bibliografía/Webgrafía

chromextension://efaidnbmnnnibpcajpcgicfindmkaj/https://www.miteco.gob.es/en/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/1174_tcm38-99487.pdf
https://www.caminodosfaros.com/medioambiente/flora/linaria-aguillonensis-paxarinos-amarelos/
https://es.wikipedia.org/wiki/Lamiales



Nome científico: *Succisa pinnatifida* Lange

Nome galego: Scabiosa pinatificda

Nome inglés: Scabious

Introdución

Actualmente só se citaron catro poboacións en Galicia. Obsérvase que se rexenera con rapidez tras os incendios ao ser eliminada a vexetación coa que convive e compite. En épocas pasadas foi máis abundante no SO de Galicia.

Situación Taxonómica

Da Orde Dipsacales que inclúe poucas familias e da Familia Dipsacaceae de herbas e arbustos perennes o bianuais repartidos en once xéneros. Natural dos climas tépedos de Europa, Asia e África.

Distribución

Distribuída no Suroeste de Portugal e en Galicia no O e SO. Só a poboación de Budiño se atopa dentro nun espazo protexido, o LIC Gándaras de Budiño.

Morfoloxía

Planta herbácea, perenne. As follas son de ovadas a pinnatisectas. As flores hermafroditas dispóñense en capítulos de 1,5 cm de diámetro. A corola con 4 lóbulos subiguais. A polinización prodúcese principalmente por abellas e abellóns e parece que a morfoloxía do froito podería permitir a dispersión exozoocoria. Diferénciase de *S. pratensis* polas follas, xa que esta ten follas enteiras ou lixeiramente dentadas e capítulos de maior tamaño.

Historia Natural


Vive nas zonas máis cálidas das uceiras-toxeiras e a miúdo en ambientes sombríos e solos algo hidromorfos. Hai uns 100 anos, a especie era abundosa en Galicia. Actualmente só se citan catro poboacións. Parece que a competencia coas plantas da matogueira en que vive a despraza, pero obsérvase que se rexenera con rapidez tras os incendios ao ser eliminada a vexetación coa que convive e compite. Vive nas asociacións *Halimio alyssoidis-Pterospartetum* (con *Ulex micranthus*) e *Ulici-Ericetum cinereae* (con *Genista triacanthos*).

Ameazas

A principal ameaza que afecta esta planta posiblemente sexa a competencia coa vexetación con que convive, xa que parece desprazala con facilidade. Tamén lle afectan as actividades antrópicas coma degradación do seu hábitat por pisadura, artificialización e creación de novas vías de comunicación.

Categoría global UICN: Non avaliada

Categoría España IUCN: CR (Perigo crítico)



Catálogo galego: EN (Perigo de extinción)

Acción correctiva

Na actualidade non existe ningunha medida de conservación para esta planta agás a poboación de Budiño, que está no LIC Gándaras de Budiño. Entre as medidas propostas están a inclusión nos listados de protección legais e para as poboacións de Belesar, Budiño e Cruz de Moldes débense establecer sistemas de protección e seguemento e microreservas.

Bibliografía/Webgrafía

https://cmatv.xunta.gal/secciontema/c/CMAOT_Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Dinamico/Especies/Ameazadas/Flora_perigo_extincion/especie_0040.html

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/600_tcm30-99227.pdf

https://gl.wikipedia.org/wiki/Succisa_pinnatifida

<https://es.wikipedia.org/wiki/Dipsacoideae>



Nome científico: *Centaurea borjae* Valdés Berm. & Rivas Goday

Nome galego: Centaurea de Borja

Nome inglés: Starthistle

Introducción

As poboacións son moi escasas (20 individuos/m²). A distribución da especie está restrinxida a dous puntos, só se coñecen catro poboacións no litoral da provincia de A Coruña.

Situación Taxonómica

Da Orde Asterales de plantas cosmopolitas que inclúe, sobre todo, especies herbáceas, como a Familia Asteraceae de xirasois e margaridas.

Distribución

Endemismo galego. Localizado no noroeste da provincia da Coruña (A Capelada e cabo Prior). As súas poboacións sitúanse no LIC Costa Ártabra.

Morfoloxía

Planta perenne de ata 6 cm. Follas basais, as primeiras enteiras ou lobadas, e segundo van medrando fanse pinnatisectas. Os capítulos poden ser desde solitarios ata en grupos de 2 ou 3. Brácteas do involucre pilosas, con espiña apical longa e recurvada. Corolas de cor rosado-púrpura. Aquenio piloso e sen papo. Presenta flores hermafroditas que son polinizadas por insectos.

Historia Natural

Vive na parte superior dos cantís en ambientes venteados e escasa vexetación, en fendas sobre afloramentos rochosos ultrabásicos. Algúns individuos tamén colonizan pistas ou camiños nas proximidades das poboacións naturais.


A taxa de xerminación é moi baixa, debido á escasa viabilidade que presentan os aquenios e presenta gran capacidade para producir estolóns que poden acadar varios metros de lonxitude.

Ameazas

A súa pobre estratexia reprodutiva, escaseza de solos ultrabásicos no litoral de Galicia, pastoreo do gando en réxime de semente liberdade, que causa danos pola pisadura e pola inxesta, principalmente dos capítulos, pola transformación dos hábitats en prados e cultivos de eucaliptos, actividades que se están incrementando por mor do remate da concentración parcelaria da zona e o elevado interese turístico, que incide sobre as poboacións en forma de pisoteo e artificialización do medio pola apertura de vías de comunicación ou instalación de miradores e outras infraestruturas.

Acción correctiva

As poboacións están incluídas no LIC



Costa Ártabra, pero tamén se propón controlar o pastoreo e pisoteo, mediante cercado, realizar estudos de bioloxía reprodutiva e xerminación, a inclusión de sementes en bancos de xermoplasma e o control demográfico.

Categoría global en Europa UICN: EN (en perigo de extinción)

Categoría España IUCN: EN (en perigo de extinción)

Catálogo galego: EN (en perigo de extinción)

Bibliografía/Webgrafía

chromeeextension://efaidnbmnnnibpcajpcglclefindmkaj/https://www.miteco.gob.es/en/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/300_tcm38-99108.pdf
https://cmav.xunta.gal/secciontema/c/CMAOT_Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Dinamico/Especies/Ameazadas/Flora_perigo_extincion/especie_0012.html
https://gl.wikipedia.org/wiki/Centaurea_ultreiae



Nome científico: *Centaurea ultreiae* Silva Pando
Nome galego: Centaurea dos pelegrins
Nome inglés: Starthistle

Introdución

Especie moi ameazada pola redución e fragmentación dos hábitats en prados e cultivos de eucaliptos. Endemismo do que só se coñece unha poboación con 6.821 individuos, localizada no Monte do Castelo (A Coruña).

Situación Taxonómica

Da Orde Asterales de plantas cosmopolitas que inclúe, sobre todo, especies herbáceas, como a Familia Asteraceae de xirasois e margaridas aínda que tamén inclúe un pequeno número de árbores e arbustos.

Distribución

Endémica dos afloramentos de rochas ultrabásicas de Monte do Castelo, onde se localiza a única poboación coñecida da especie, na confluencia dos Concellos de Bembibre, Coristanco, Santa Comba e Tordoia (A Coruña).

Morfoloxía

Planta perenne con estolóns subterráneos. Follas enteiras dispostas en roseta, enteiras, lobuladas ou pinnatisectas. Forman capítulos sésiles no centro da roseta de hasta 4 cm de diámetro. Brácteas suborbiculares con espiña punzante. Corola amarela ou alaranxada. Aquenios grandes, comprimidos lateralmente con papo curto e caedizo.

Historia Natural


As flores son polinizadas polos insectos, principalmente por abellóns e abellas. A dispersión dos froitos é principalmente por formigas (mirmecocoria). A dinámica poboacional depende basicamente das variacións de cobertura existentes. Desenvólvese en matogueiras pouco desenvolvidas, de escaso tallo ou queimadas periodicamente, e bordos de camiños, onde alcanzan densidades altas e convive con especies acompañantes como: *Lithodora prostrata*, *Ulex europaeus* subsp. *europaeus*, *Erica cinerea*, *Erica umbellata*, *Erica ciliaris*, *Pteridium aquilinum*, *Pterospartum tridentatum*, *Pseudarrhenatherum longifolium*, *Arenaria montana*, *Agrosti curtisii*, *Rubus* sp. etc., pero ao desenvolverse matogueira o número de abrochos vai diminuindo ata desaparecer case por completo.

Ameazas

Especie moi ameazada actualmente pola transformación dos seus hábitats en prados e plantacións de eucaliptos, actividades que se están incrementando de forma moi significativa porque rematou a concentración parcelaria na zona.

Acción correctiva

Debería restrinxirse no posible o uso do



territorio ao emprego de sistemas de utilización “tradicionais”, pouco agresivos e evitar a realización de cultivos e a construción de novos camiños e pistas. Propónse a inclusión do taxón en listados de protección, a creación do LIC “Monte do Castelo” e a continuación do seguimento demográfico iniciado.

Categoría global e Europa UICN: CR (en perigo crítico)

Categoría España IUCN: CR (en perigo crítico)

Catálogo galego: EN (en perigo de extinción)

Bibliografía/Webgrafía

https://cmatv.xunta.gal/secciontema/c/CMAOT_Conseccion?content=Direccion_Xeral_Conseccion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=Direccion_Xeral_Conseccion_Natureza/Dinamico/Especies/Ameazadas/Flora_perigo_extincion/especie_0012.html

chromextension://efaidnbmnnnibpcajpcgicfindmkaj/https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/322_tcm30-99118.pdf
https://gl.wikipedia.org/wiki/Centaurea_ultreiae



Nome científico: *Crepis novoana* S.Ortiz, Soñora & Rodr. Oubiña

Nome galego: Almeirón de Cedeira

Nome inglés: Hawk's-beard

Introdución

Especie con 1.243 individuos repartidos nunha única poboación restrinxida case exclusivamente aos cantís da ría de Cedeira (A Coruña) estando as subpoboacións do litoral oriental especialmente ameazadas.

Situación Taxonómica

Da Orde Asterales de plantas dicotiledóneas que inclúe á gran familia Asteraceae (ou Compositae) coñecida polas súas flores compostas de floretes.

Distribución

Especie endémica do NE da provincia da Coruña, concretamente na ría de Cedeira, con presenza adicional en acantilados próximos. Encóntrase incluída no LIC Costa Ártabra.

Morfoloxía

Herbácea bienal e perenne de 15-40 cm, rizomatoso, máis o menos pubescente, con pelos eglandulosos, xeralmente tamén con pelos glandulíferos curtos e acúleos negros, especialmente nos talos, pedúnculos e involucros, verdosa, ou avermellado, sobre todo nos talos, inodora; rizoma vertical, leñoso no ápice, máis ou menos napiforme. Talos pouco foliosos, erectos ou ascendentes, robustos de flores liguladas de cor amarela, caracterizada polas súas follas basais elípticas ou oblanceoladas. As súas flores hermafroditas son polinizadas por himenópteros e dípteros fundamentalmente. A dispersión dos froitos é realizada polo vento debido á presenza de papo. Florece de marzo a xuño.


Historia Natural

A especie presenta, en xeral, flutuacións importantes. Produciuse unha redución do número de individuos nos últimos anos debido á destrución do seu hábitat. Vive en cantís costeiros conformados parcialmente por rochas ultrabásicas. As plantas acompañantes máis frecuentes son: *Armeria pubigera*, *Crithmum maritimum*, *Linaria aguillonensis*, *Antirrhinum majus* ssp. *linkianum*, *Echium asturicum* e *Spergularia rupicola*. Secundariamente pode vivir en ambientes rupícolas como nas murallas dun castelo situado na entrada da Ría de Cedeira.

Ameazas

As subpoboacións do litoral oriental da ría están ameazadas por diversas actividades humanas, como urbanización, obras de acondicionamento, etc., que provocan a diminución e fragmentación do seu hábitat.

A conservación da poboación non é moi preocupante no litoral occidental da ría.



Na actualidade non existe ningunha medida de protección concreta aínda que está incluída no LIC Costa Ártabra.

Acción correctiva

Propónse a súa inclusión nos diferentes listados legais de protección, a protección física das subpoboacións do litoral oriental da ría e continuar co seguimento poboacional iniciado. Foi cultivada "in vitro" con éxito polo que debe formar parte do banco de xermoplasma.

Categoría global e Europa UICN: CR (en perigo crítico)

Categoría España IUCN: CR (en perigo crítico)

Catálogo galego: EN (en perigo de extinción)

Bibliografía/Webgrafía

https://cmatv.xunta.gal/seccionorganizacion/c/CMATV_DX_Conservacion_Natureza?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Dinamico/Especies/De_interese/Endemismos/especie_0014.html

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/343_tcm30-99123.pdf

https://gl.wikipedia.org/wiki/Crepis_novoana



Nome científico: *Hydrocharis morsus-ranae* L.
Nome galego: Corazóns de auga, Bocado de ra
Nome inglés: Frogbit

Introdución

Planta en perigo de extinción da que só se coñecen actualmente dúas poboacións moi distantes entre si. As causas da súa regresión son a destrución e alteración dos hábitats acuáticos nos que vive.

Situación Taxonómica

Da Orde Alismatales de monocotiledóneas amplamente distribuídas, con flores agrupadas en inflorescencias con familias de hábitats acuáticos e da Familia Hydrocharitaceae de herbas acuáticas, completamente mergulladas a emerxentes en parte e enraizadas no substrato ou flotantes e sen fixación, en hábitats mariños ou de auga doce.

Distribución

Europa e oeste de Asia. Na península Ibérica atópase en localidades disxuntas da zona atlántica (Portugal), e polo centro, noreste e suroeste (Ciudad Real, Soria, Girona e Sevilla). As únicas poboacións que se coñecen na actualidade están en Huelva (Doñana) e en Galicia na provincia de Lugo (Terra Cha).

Morfoloxía



Trátase dunha planta acuática herbácea, con tallos estoloníferos non enraizados que flotan cerca da superficie. As follas están flotantes ou raramente emerxentes, enteiras, orbicular-reniformes e cordadas na base. As flores femininas preséntanse solitarias e as flores masculinas en grupos de 2-3, pediceladas. Os pétalos son brancos coa base amarela. O froito é en baia.

Historia Natural

O crecemento vexetativo da especie é moi acusado, e coloniza rapidamente os hábitats nos que vive se as condicións son propicias. A multiplicación vexetativa realízase mediante tallos especiais situados no extremo dos estolóns que tras flotar un tempo caen ao fondo, pasando desta maneira o inverno; ao finalizar o inverno “xerminan” e dan lugar a unha nova planta xeneticamente idéntica á proxenitora. A floración e reprodución sexual está directamente relacionada coa temperatura do ambiente. A polinización é entomófila e sucede fóra da auga. As flores femininas son arrecenden, e atraen aos insectos.

Ameazas

As alteracións no réxime hidrolóxico dos humidaís, cambios nos procesos agrícolas, actividade gandeira, uso incontrolado de pesticidas, eutrofización e aparición de especies invasoras como o cangrexo vermello americano e fento *Azolla filiculoides* son os principais factores que veñen incidindo na supervivencia deste hidrófito.



Acción correctiva

As medidas de protección pasan obrigatoriamente pola conservación e a recuperación dos hábitats nos que vive ou vivía. Para isto son necesarias actuacións que contemplen a xestión da auga, o control de plantas e animais introducidos, e a protección fronte ao gando.

Categoría global UICN: Non avaliada

Categoría España IUCN: CR (perigo crítico)

Catálogo galego: EN (en perigo de extinción)

Bibliografía/Webgrafía

https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Dinamico/Especies/Ameazadas/Flora_perigo_extincion/especie_0023.html+Ficheiro

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/700_tcm30-99269.pdf



Nome científico: *Rhynchospora modesti-lucennoi* Castro.

Nome galego: Xunca de Modesto Luceño

Nome inglés: Beak-sedge

Introdución

En Galicia encóntrase ao límite da extinción. A última poboación coñecida, localizada en Pontevedra, desapareceu debido ao desecamento da turbeira de Gándaras de Budiño.

Situación Taxonómica

Da Orde Cyperales de fanerógamas da Familia Cyperaceae de plantas monocotiledóneas parecidas aos pastos, moitas delas polinizadas polo vento.

Distribución

Suroeste da península Ibérica (Cádiz e Huelva) e noroeste de África (Argelia e Marrocos). En Pontevedra tamén existía unha poboación que actualmente pénsase que está extinta debido á desecación da turbeira onde vivía nas Gándaras de Budiño.

Morfoloxía

Planta herbácea rizomatosa cun talo horizontal, subterráneo e ramificado. As follas presentan espiñas nas marxes. A súa alta capacidade de demografía vexetativa é grazas a un rizoma do que xorden novos individuos a partir dunha planta. Inflorescencia con (1) 2-3 (4) antelas e brácteas semellantes ás follas superiores. Espiguiñas con 1-3 (4) flores. Aquenio planoconvexo, rugoso, con 0-4 setas pequenas. Relacionada con *R. brownii*, especie tropical con $2n = 34, 36$.

Historia Natural

Especie non protexida legalmente que vive en solos oligotrofos e frescos, en proceso de regresión debido ao descenso da capa freática. Son solos de turba con alto grao de humidade. *Molinia caerulea*, *Lobelia urens*, *Eleocharis multicaulis*, *Fuirena pubescens* e *Juncus bulbosus* son as herbáceas máis frecuentes coas que convive, ás veces acompañadas por *Ulex minor* e *Cistus psilosepalus*, e uceiras de *Erica ciliaris* e *Calluna vulgaris*. Debido fundamentalmente á rareza do hábitat onde vive, existen poucas poboacións desta especie e son moi pequenas.

Ameazas

A maior ameaza que ten sofre esta especie é o desecamento do seu hábitat, natural ou artificialmente por descenso da capa freática, ben polo cambio do curso de auga ou por canalizacións. Por outra banda, o desensolvemento excesivo de *Molinia caerulea* tamén pode ser outra causa da súa desaparición porque *Molinia caerulea* exclúe tamén a *Rhynchospora*, como todas as dos humedais.


Categoría global UICN: Non evaluada

Categoría España IUCN: CR (Perigo crítico)

Catálogo galego: EN (Perigo de extinción)

Acción correctiva

As medidas propostas para a conservación



da especie son a creación dunha microrreserva coma única maneira de conservar o taxón, xa que o deterioro do hábitat da especie é a principal ameaza. Outras serían cultivar plantas en invernadeiro para o reforzamento das subpoboacións pequenas e a reintrodución nos respectivos hábitats, incluír sementes en bancos de xermoplasma e evitar a propagación de *Molinia caerulea* do seu medio.

Bibliografía/Webgrafía

https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Conseccion?content=Direccion_Xeral_Conseccion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=Direccion_Xeral_Conseccion_Natureza/Dinamico/Especies/Ameazadas/Flora_perigo_extincion/especie_0035.html
https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/592_tcm30-99219.pdf

<https://es.wikipedia.org/wiki/Cyperaceae>



Nome científico: *Carex hostiana* DC.

Nome galego: Carrizo fulvo

Nome inglés: Tawny sedge

Introdución

Especie moi pouco común. Planta propia de pasteiros encharcados, beiras de mananciais, uceiras húmidas, etc. En Galicia só se atopa nas provincias de Lugo e Ourense.

Situación Taxonómica

Da Orde Proales de herbas, moitas delas con polinización anemófila con especies de importancia económica que inclúe especies das que se extrae o papiro e especies de xuncos, da Familia Cyperaceae, de plantas con flores, perennes que desenvolven rizomas ou estolóns.

Distribución

Atópase, sobre todo, en zonas húmidas do hemisferio norte. É moi rara na península Ibérica. Os rexistros indican citas de escasas poboacións en poucos puntos do extremo septentrional da Península Ibérica (Lugo, Ourense, Cantabria, Gipuzkoa, etc.). En Galicia só se pode atopar nas provincias de Lugo e Ourense.

Morfoloxía

Planta herbácea perenne de cor verde grisáceo que alcanza alturas de 25 a 45 cm, só en ocasións hasta 80 cm. Os tallos son triangulares, ríxidos e máis longos que as follas, estas son de 2 a 4 milímetros de ancho, con quilla e rugosas. Presenta un rizoma subterráneo do que emerge un talo flexible onde se dispoñen as follas de forma alterna. No ápice dos talos fórmanse as inflorescencias que se situarán en distintos planos en función do sexo destas: as femininas dispoñeranse abaixo formando densas espigas, mentres que as espigas masculinas colócanse na parte distal.

Historia Natural


Esta especie florece entre maio e xullo e os froitos maduran ao longo do verán. Medra en comunidades de turbeiras, mananciais turbosos, pastizais encharcados e uceiras húmidas. Normalmente habita en depresións con solo espido sobre turba ou ben sobre substratos areosos, que se formaron debido a algún tipo de perturbación, como pode ser o efecto provocado polo pastoreo.

Ameazas

A maior ameaza para esta especie é a alteración dos mananciais e zonas húmidas nas que se desenvolve a planta.

Acción correctiva

Non alterar e conservar os seus hábitats, concienciar á poboación da vulnerabilidade desta especie para evitar que chegue a desaparecer mediante campañas de sensibilización e conservar as súas sementes en bancos de xermoplasma.



Categoría global UICN: non catalogada

Categoría España IUCN: non catalogada

Catálogo galego: VU

Bibliografía/Webgrafía

https://gl.wikipedia.org/wiki/Carex_hostiana

https://cmatv.xunta.gal/seccion-organizacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Especies_ameazadas/&ui=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Dinamico/Especies/Ameazadas/Flora_vulnerable/especie_0014.html

http://www.gobiernoabierto.navarra.es/sites/default/files/ficha_-_carex_hostiana.pdf



Nome científico: *Deschampsia setacea* (Huds.) Hack.

Nome galego: Aira setácea

Nome inglés: Bog hair-grass

Introdución

Taxón característico da Europa atlántica, que en España límitase a catro poboacións, moi sensibles e inestables, debido ao risco de perda do seu hábitat (ecosistemas acuáticos). Xa desapareceu nalgúns citas históricas.

Situación Taxonómica

Orde Poales que consta de 16 familias con máis de 18 000 especies, e da Familia Poaceae de pastos, cereais e bambú, que é probablemente a familia de anxiospermas de maior importancia económica.

Distribución

Endemismo da Europa atlántica, do Norte de España ao Sur de Noruega, chegando hasta Polonia por el Este. En España, só se encontra en tres localidades, en Santander, A Coruña e Lugo.

Morfoloxía

Planta hermafrodita. Follas raramente planas, levemente pilosas. Presenta unha lígula de máis de 3 mm, gluma superior con venas laterais pouco visibles e con aresta de máis de 5 mm, sobresaíndo da espiga, características estas que a diferencian doutras especies próximas.



Historia Natural

Sempre habita ambientes moi húmidos, sometidos a inundacións periódicas. Planta hermafrodita. A floración e dispersión das sementes presentan as características típicas doutras gramíneas cespitosas, cun ciclo reprodutor anual. Desenvolve as estruturas reprodutoras no verán, desaparecendo unha vez fructificaron. Durante o resto do ano mantén a parte aérea. Sofre herbivoría a maior parte do ano. As plantas acompañantes máis comúns son: *Molinia caerulea*, *Galium palustre*, *Eleocharis palustris*, *Carum verticillatum*, *Juncus* sp., *Salix repens*, *Hypericum elodes*, *Ranunculus flammula*, *Erica tetralix*, *Potentilla erecta* e *Genista berberidea*.

Ameazas

Nas poboacións de embalses, as súas ameazas derivan do pastoreo dos ritmos estacionais non habituais (exceso ou defecto de auga). Nas poboacións das pozas e lagoas naturais, a desecación ou perda destes ambientes representa o principal factor de ameaza. As catro poboacións coñecidas encóntranse illadas para calquera intercambio reprodutivo.

As poboacións desta especie non se encontran en ningunha área de conservación especial, pero as directivas de conservación referidas, en xeral, a todos os humidais (a nivel europeo, nacional, e autonómico) a protexen.



Acción correctiva

As poboacións desta especie non se encontran en áreas de conservación especial pero aféctanlle as directivas de conservación referidas, en xenérico, a todos os humidais.

As medidas correctivas son as propostas de Protección e conservación dos ambientes nos que vive, conservación de sementes en bancos de xermoplasma, seguimento demográfico das poboacións e establecer plans de recuperación. Categoría global UICN: non avaliada Categoría España IUCN: EN (en perigo de extinción)

Catálogo galego: EN (en perigo de extinción)

Bibliografía/Webgrafía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/663_tcm30-99253.pdf

https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Conseccion?content=Direccion_Xeral_Conseccion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=Direccion_Xeral_Conseccion_Natureza/Dinamico/Especies/Ameazadas/Flora_perigo_extincion/especie_0016.html



Nome científico: *Narcissus minor* spp. *asturiensis* (Jord.) Barra & G. López
Nome galego: Afroixón, flor de San Xosé ou narciso de Asturias.
Nome inglés: Wild Daffodil

Introdución

Endemismo do cuadrante noroccidental da península Ibérica. Trátase dunha especie bulbosa ameazada na natureza, pero que pode ser cultivada.

Situación Taxonómica

Da orden Asparagales de herbáceas perennes da familia Amaryllidaceae de plantas de bulbo ou rizoma.

Distribución

Esta especie está presente no O da Cordillera Cantábrica, Montes de León e parte O do Sistema Central Occidental.

Morfoloxía

Planta herbácea perenne, glabra, cun bulbo subterráneo de 15-20 mm do que saen as follas lineais, erectas e cor glauco de 5-15 cm x 2-6 mm e un escapo, talo florífero, que pode alcanzar de 7-10 cm de lonxitude. Presenta unha única flor amarela colgante de marxe lobulada, protexida por unha bráctea membranosa. As flores son amarelas, hermafroditas, solitarias, colgantes, máis estreitas na metade e co ápice máis ancho. O froito é de cápsula e polispermo.

Historia Natural


Planta hermafrodita. Descritos como polinizadores potenciais varias especies de insectos. Produce una flor por escapo. Cápsulas con sementes numerosas, de dispersión principalmente por bulbo e tamén presenta reprodución vexetativa por división do bulbo. Taxón de gran plasticidade ecolóxica (pastos, rochedos, cervunais, piornais e brezais máis ou menos abertos, claros de carballeiras e encinares...). Aparece sobre calías.

Ameazas

As ameazas máis significativas derivan dos cambios no uso do terreo e a recolección intencionada de flores e bulbos que afectan ás características do hábitat (sobrepastoreo, evolución a matogueira, creación de pistas, construción de parques eólicos...) Tendo en conta o número e tamaño das poboacións e dispoñibilidade do hábitat potencial ao longo da área de distribución, estas presións non supoñen actualmente un risco inminente para a supervivencia da especie.

Acción correctiva

En xeral non precisa de medidas concretas



para garantir a súa conservación, máis alá do mantemento ou mellora do seu hábitat nalgúns poboacións, regulación da recolección de flores e bulbos, e inclusión no catálogo de especies ameazadas de máis Autonomías

Categoría Global UICN: LC (preocupación menor)

Categoría España UICN: LC (preocupación menor)

Catálogo galego: VU (vulnerable)

Webgrafía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventariosnacionales/narcissusminor_tcm30-505893.pdf

https://cmatv.xunta.gal/seccionorganizacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Especies_ameazadas/&ui=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Dinamico/Especies/Ameazadas/Flora_vulnerable/especie_0020.html

<https://es.wikipedia.org/wiki/Narcissus>



Nome científico: *Spiranthes aestivalis* (Poir.) Rich.
Nome galego: Estrangurria do verán
Nome inglés: Summer lady's-tresses

Introdución

Poboacións con baixo número de efectivos, reducida á área de ocupación e con problemas de calidade de hábitat.

Situación Taxonómica

Da Orde Asparagales de plantas herbáceas perennes. Familia Orchidaceae de plantas monocotiledóneas que se distinguen pola complexidade das flores e interaccións ecolóxicas cos axentes polinizadores e cos fungos. As orquídeas son os representantes desta familia.

Distribución

Xeófito de ampla distribución europea, estendido por toda a Península, que vive en ambientes costeiros como orófilos moi fráxiles, turfófilos ou con humidade edáfica. Centro e sur de Europa. No SO e C de Europa e costas mediterráneas do NO de África. Na península Ibérica é coñecida principalmente no norte.

Morfoloxía

O nome fai alusión á disposición espiral da inflorescencia. Planta perenne, con 3-5 tubérculos subterráneos. Talos erectos de 10-30 cm onde se encontran follas estreitamente lanceoladas de ata 12 cm e agrupadas na base. Inflorescencia en espiga de pequenas froriñas dunha cor branca. Florece en xullo e principios de agosto.

Historia natural

Medra en lugares húmidos ou charcas estacionais, especialmente en zonas próximas ao mar. Especie que require moita luz. Vive en substratos húmidos, turbeiras, tremedais, humedais, mananciais e prados inundables. Flores hermafroditas, con polinización zoófila. Posiblemente con reprodución vexetativa por fragmentación dos tubérculos. Floración e frutificación de xullo a outubro. Entomógama.


Ameazas

Especie moi escasa, depende de hábitats moi específicos, en regresión. O hábitat está moi afectado pola presión gandeira e urbanística. As actuacións silvícolas (plantacións) ou alteracións non intencionadas son causas de presión. As perturbacións derivadas da intrusión e actuacións humanas, como mellora de redes de transporte e comunicación, ou práctica de deportes, fragmentan as poboacións.

Categoría global UICN: Non avaliada

Categoría España IUCN: NT (Case Ameazado)

Catálogo galego: VU (vulnerable)



Acción correctiva

Ordenación do territorio delimitando áreas protexidas en espazos onde vive. Hai sementes conservadas nos bancos de xermoplasma. Incídese na necesidade de adoptar medidas en territorios nos que non existen figuras de protección territorial. Necesario establecer plans de xestión da especie e conservación de xermoplasma que garante a posibilidade de restauraras poboacións en maior risco.

Bibliografía/Webgrafía:

https://cmatv.xunta.gal/secciontema/c/CMAOT_Conseccion?content=Direccion_Xeral_Conseccion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=Direccion_Xeral_Conseccion_Natureza/Dinamico/Especies/Ameazadas/Flora_vulnerable/especie_0025.

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/spiranthesaestivalis_tcm30-505921.pdf

https://es.wikipedia.org/wiki/Spiranthes_aestivalis



Nome científico: *Euphydryas aurinia*
Nome galego: Doncela de ondas vermellas
Nome inglés: Marsh fritillary

Introdución

Especie vulnerable pola acción humana e gandeira, indicador das masas boscosas autóctonas onde medra *Lonicera* sp.

Situación Taxonómica

Da Orde Lepidoptera de insectos que comprende bolboretas (diúrnas) e avelaíñas (esencialmente nocturnas) e da Familia Nymphalidae de bolboretas.

Distribución

A bolboreta de ondas vermellas vive en hábitats variados, espazos abertos, prados, zonas húmidas, desde o nivel do mar hasta 1.000 ou 1.500 metros de altitude e segundo as zonas. Encóntrase en toda a península ibérica e na maior parte do continente euroasiático, agás nas zonas máis septentrionais e frías e nas máis mediterráneas e cálidas.

Morfoloxía

Bolboreta de tamaño medio, entre 30 e 46 mm. O patrón de debuxo alar na fase de imago varía duns individuos a outros, e ao mesmo tempo mantén semellanzas con outros individuos do xénero *Euphydryas*, como a *E. maturna* ou a *M. desfontainii*. Nel alternan as manchas amarelas, laranxas, marróns e negras, cun dentado branco na parte inferior e unha serie de celas punteadas en sentido horizontal nas ás posteriores. Polo envés, as ás teñen modelos en amarelo e negro, sen presenza de cor prata.



Historia Natural

Viven en comunidade, un conxunto de poboacións locais que están conectadas como consecuencia da dispersión ocasional. A fase adulta vai de mediados de abril a mediados de xullo, se ben debido á ampla distribución xeográfica o período de presenza varía bastante duns lugares a outros. Pese a súa extensión, está en retroceso en Europa, tendo nas illas Británicas e na península Ibérica as maiores reservas.

Viven en prados, e ten predilección polo xénero *Lonicera*. O primeiro voo comeza por abril ou maio e esténdese hasta xuño ou xullo.

Ameazas

A maior ameaza é por perda de hábitat, aínda que o taxón tamén está ameazado pola presión humana e gandeira. En Europa observouse unha regresión das poboacións nas últimas décadas, tamén nas monitorizacións en Cataluña, dentro da Península Ibérica.



Acción correctiva

Establecer protocolos e executar plans de seguimento da especie, mantemento da poboación e hábitat da especie: ao alimentarse de madreselvas (*Lonicera* spp.) está ligada a zonas boscosas e mato. Considérase indicador do estado das masas boscosas autóctonas e vexetación arbustiva. É prioritario manter programas de seguimento de poboacións para determinar tendencias, e preferencias de hábitat. Limitar e controlar a destrución das zonas de mato onde habitan as madreselvas (*Lonicera* spp.) e cambios de uso do solo que afectan a composición vexetal onde vive *E. aurinia*.

Categoría global UICN: Non avaliada

Categoría España IUCN: LC (preocupación menor)

Catálogo galego: LC (preocupación menor)

Bibliografía/Webgrafía

<https://spain.inaturalist.org/taxa/207956-Euphydryas-aurinia>

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/espaciosprotegidos/euphydryas_aurinia_tcm30-196936.pdf

https://gl.wikipedia.org/wiki/Euphydryas_aurinia



Nome científico: *Cetorhinus maximus* (Gunnerus, 1765)

Nome galego: Tiburón pelegrín

Nome inglés: Basking shark

Introducción

A pesar de non ter inimigos naturais, a pesca indiscriminada converteuna nunha especie en perigo de extinción.

Situación Taxonómica

Da Orde Lamniformes. Familia Cetorhinidae. Son peixes da grupo dos tabeiróns.

Distribución

Cosmopolita. Peláxico que visita zonas costeiras por todo o mundo, de áreas polares ata océanos tropicais, principalmente nas plataformas continentais sendo habitual que penetre en baías e portos, si ben prefire augas frías, entre 8 e 14 °C.

Morfoloxía


Mide de 6 - 8 metros e algúns ata 10 m ou máis. É o segundo peixe de maior tamaño do mundo. Forma do corpo en fuso cunha gran boca cavernosa que nos exemplares máis grandes ten máis dun metro de diámetro, con longas fisuras das agallas, ollos pequenos e tronco máis estreito. Dentes de 5-6mm con forma de gancho. Rexión caudal cun pedúnculo, pel rugosa de forte textura e capa de mucosa sobre a pel. Prominente fociño algo curvo e gran aleta caudal. A cor moi variable: cor marrón a negro ou negro azulado na rexión dorsal difuminándose ventralmente nun branco grisáceo.

Historia Natural

No inverno vive en augas profundas e no verán achégase á costa en grupos para alimentarse. Non busca activamente o alimento, os bulbos olfatorios oríentano na dirección correcta para que a auga pase polas branquias mentres nada lentamente coa boca aberta. Teñen marcas na pel polos encontros con lampreas e outras quenllas. O fígado constitúe o 20 - 25% do peso corporal, cun importante papel na flotabilidade e almacenamiento de enerxía. Rasgo distintivo é que as femias só teñen o ovario dereito funcional. É vivíparo ou ovovivíparo; xestación de 2 - 6 fetos que dura máis de 2 anos no que se dá canibalismo intrauterino quedando un feto, que nace con 1.6 m

Ameazas

Sofre a presión dos ecoturistas, porque son avistados na superficie e son tolerantes a presenza do home e sufriron sobreexplotación debido ao seu tamaño xa que son rendibles para a pesca. Debido á rápida diminución dos exemplares, a especie áchase parcialmente protexida e o comercio dos



seus produtos está restrinxido ou prohibido en moitos países.

Acción correctiva

Regular a presión ecoturística sobre a especie, realizar campañas de concienciación sobre a necesidade de protección a nivel global e regular a explotación deste recurso.

Categoría global e Europa UICN: EN (en perigo de extinción)

Categoría España IUCN: EN (en perigo de extinción)

Catálogo galego: EN (en perigo de extinción)

Bibliografía/Webgrafía

<https://www.naturalista.mx/taxa/82128-Cetorhinus-maximus>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Peixe_bobo

<https://www.asturnatura.com/especie/cetorhinus-maximus.html>



Nome científico: *Hippocampus guttulatus* Cuvier, 1829

Nome galego: Cabaliño de mar moteado

Nome inglés: Long-snouted seahorse

Introdución

Especie capturada para ser vendida como curiosidade, incluso na súa área de distribución, á vez que o seu hábitat é degradado pola acción humana.

Situación Taxonómica

Da Orde Syngnathiformes de peixes que viven entre algas mariñas e nadan co corpo aliñado verticalmente e da familia Syngnathidae na que as femias poñen os ovos na cavidade do tórax do macho, e logo este fecúndaos e incuba.

Distribución

Organismo de pequeno tamaño que vive en augas do océano Atlántico e Mediterráneo. Encóntrase en zonas de pasto mariño, rochas e en fondos cubertos de grava. Especie non migratoria que se encontra entre 0,5 e 15 m de profundidade, aínda que hiberna a 30 m.

Morfoloxía

A cabeza recorda a dun cabalo. Mide entre 8 e 18 cm. O corpo mide máis dun tercio da lonxitude da súa cabeza e está cuberto de espiñas de puntas desafiadas. Fociño alongado e non presenta espiña caudal porque está modificada en forma de cola prensil. A cor vai de verde escuro ao marrón pasando por amarelo, de maneira que pode camuflarse co medio.


Historia Natural

Non é migratorio, pero se dispersa debido ás correntes e ondados ó agarrarse a desfeitos flotantes. É moi lento e utiliza a coloración para se camuflar, sorprender as presas e protexerse dos depredadores. Pequenos pero voraces, tragando enteiros pequenos crustáceos, larvas, ovos de peixes,... xa que non teñen dentes. Viven de 4 e 7 anos. Desprázanse en posición vertical, propulsándose coa súa aleta dorsal e aletas pectorais. A aleta anal é rudimentaria e practicamente ausente. A reprodución é atípica, sendo a femia a que deposita os ovos na bolsa do macho.

Ameazas

A principal ameaza, ao igual que os demais cabaliños de mar, é a degradación do seu hábitat por mor do desenvolvemento das zonas costeiras e a pesca intensiva. As máis das veces son capturados para a venda no mercado acuariofilo.

Foron secados e utilizados como amuletos ou souvenirs, práctica en desuso na actualidade.



Acción correctiva

Realizar o estudo das súas poboacións para rexistrar a súa evolución e protexer os seu hábitat.

Categoría global UICN: Non avaliada

Categoría España IUCN: NT (Casi ameazada)

Catálogo galego: Non avaliada

Bibliografía/Webgrafía

https://es.wikipedia.org/wiki/Hippocampus_guttulatus

<https://www.fishipedia.es/pez/hippocampus-guttulatus>

<https://spain.inaturalist.org/taxa/102821-Hippocampus-guttulatus>

Nome científico: *Salmo salar* (Linnaeus, 1758)

Nome galego: Salmón

Nome inglés: Atlantic salmon

Introdución

Ciclo vital entre mar e río. En perigo polas ameazas que evitan que se reproduza.

Situación Taxonómica

Da Orde Salmoniformes de peixes de río que dominan ríos montañosos e da Familia Salmonidae de peixes mariños e de río.

Distribución

Ríos das rexións tépedas ou frías e mares próximos do Hemisferio Norte e introducidos polos humanos nos ríos de todo o mundo para a pesca. En Galicia encóntrase nos ríos Eo, Oro, Masma, Landró; Sor, Eume, Mandeo, Allóns, Tambre, Ulla, Umia, Lérez, Verdugo e Miño.

Morfoloxía

Acada 150 cm de lonxitude e 45 Kg. En España chega ao metro e 20 Kg. Viven ata 13 anos. Aleta adiposa dorsal, entre aleta dorsal e caudal; aletas pelvianas en posición abdominal e dentes mandibulares desenvolvidos. Vómer curto e sen dentes. Maxilar pequeno ata a metade posterior do ollo. Escamas pequenas na liña lateral.

Historia Natural

Migradora que sube os ríos para reproducirse en augas frías, rápidas e osixenadas. Sensible á alteración das augas por cambios de temperatura ou eutrofización. Importante papel na cadea trófica coma consumidor de macroinvertebrados bentónicos, intervindo no control e funcionamento das poboacións destes. Son alimento doutras especies: alevíns son presas de invertebrados e subadultos ou adultos son dieta de aves e mamíferos. Son bioindicadores da calidade da auga. Os individuos novos permanecen nos ríos de 2 a 3 anos para migrar ao mar e voltar aos 2 anos para reproducirse no río.


Ameazas

Sobre a especie: sobrepesca no mar e ríos, introdución de individuos doutras poboacións co risco de introdución de enfermidades, introgresión xenética e falta de adaptación. Sobre o hábitat: vertidos de orixe urbano-industrial e agrícola, presas, saltos de auga e obstáculos que impiden o acceso dos salmóns aos frezadeiros, extracción de áridos que afectan aos frezadeiros naturais, captación de auga para usos urbanos ou agrícolas e canalización artificial dos leitos.

Categoría global UICN: Non avaliada

Categoría España IUCN: EN (Perigo de extinción)

Catálogo galego: EN (Perigo de extinción)



Acción correctiva

Sobre a especie: control da sobrepesca mediante límites/topes de pesca e evitar a introdución de individuos doutras poboacións para minimizar as enfermidades. Sobre o hábitat: control dos verquidos urbanos, industriais e agrícolas aos ríos para manter o hábitat, construción e modificación das escalas salmoneiras existentes para favorecer o acceso aos frezaderos naturais, prohibición da extracción de áridos, manter o caudal mínimo de auga e corrixir os efectos da canalización dos cauces.

Bibliografía/Webgrafía

https://www.miteco.gob.es/en/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/09047122800af6b3_tcm38-199078.pdf

https://cmatv.xunta.gal/secciontema/c/CMAOT_Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Dinamico/Especies/De_interese/Especies_clave/especie_0012.html

<https://es.wikipedia.org/wiki/Salmonidae>



Nome científico: *Rana iberica* Boulenger, 1879

Nome galego: Ra patilonga

Nome inglés: Iberian Frog

Introdución

Endemismo ibérico do noroeste da Península Ibérica, sensible á destrución dos regatos polo que require protección. En Galicia está extendida e é a máis pequena dos ránidos galegos.

Situación Taxonómica

Da Orde Anura, de ras e sapos. Os adultos carecen de cola, corpo curto e ensanchado e patas posteriores desenvolvidas e adaptadas para o salto e da Familia Ranidae que inclúe as ras.

Distribución

Endémica da Península Ibérica presente cara ó noreste de forma discontinua e puntual a través da Cornixa Cantábrica hasta Guipúzcoa. Presente en toda Galicia, aínda que menos nas depresións ourensás.

Morfoloxía


Estilizada e patas posteriores longas. Fociño aguzado e espazo entre ollos ancho. Ollos grandes e saltóns, pupila ovoide e horizontal. Lingua libre e fendida. No dorso, a ambos os lados, ten dous cordóns glandulares paralelos e afastados desde os ollos ata as patas posteriores. As patas anteriores teñen 4 dedos e as posteriores 5, con palmeaduras ben desenvolvidas. Pel lisa ou pouco granulosa, de cor parda, ocre ou vermella no dorso e branca ou rosada na zona ventral. Miden de 30-53 mm e pesan 3-18 g, sendo as femias sempre maiores que os machos.

Historia Natural

Presente en regatos de augas rápidas e frías, con moita vexetación e marxes sombrías. Están nas charcas aos lados dos ríos baixo abeleiras e freixos. A dieta é de invertebrados. En cativeiro acepta todo tipo de invertebrados e anacos de carne ou peixe. A época de celo comeza na fin do outono e remata no comezo da primavera. O amplexus é axilar e adoita ter lugar de noite. As postas son globosas, compactas e pouco dispersas, pequenas e poucos ovos de cor escura. Realízana na vexetación acuática, entre pedras ou fondo de charcos.

Ameazas

En Galicia presenta os maiores efectivos, polo que é a ra galega por excelencia pero é moi sensible á contaminación, alteracións dos hábitats, especialmente á desaparición dos bosques de ribeira por mor de canalizacións e outras obras civís e especialmente á introdución de especies



exóticas, salmónidos e visión americano.

Categoría global UICN: Non avaliada

Categoría España IUCN: VU (vulnerable)

Catálogo galego: VU (vulnerable)

Acción correctiva

Baixar a contaminación química e orgánica dos ríos. Conservar bosques de ribeira. Control dos seus depredadores de orixe alóctona.

Bibliografía/Webgrafía

https://sghn.org/wp-content/uploads/2019/07/Herpetoloxia_AARG_Completo_2018_vertical_3.pdf

<http://www.vertebradosibericos.org/anfibios/ranibe.html>

https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Dinamico/Especies/Ameazadas/Fauna_vulnerable/especie_0006.html



Nome científico: *Vipera latastei* (Boscá, 1878)

Nome galego: Víbora fuciñuda

Nome inglés: Lataste's Viper

Introdución

Ofidio con menor distribución en Galicia, sendo especialmente castigado na zona de distribución polos incendios forestais.

Situación Taxonómica

Da Orde Squamata, de réptiles escamosos que inclúe lagartos, camaleóns, iguanas, serpes e ánguidos e da Familia Viperidae de serpes venenosas que comprende as víboras e os crótalos.

Distribución

Especie iberomagrebí. Ao norte do Mediterráneo está exclusivamente na Península Ibérica onde está amplamente distribuída, agás no extremo norte, cantabropirenaico, onde habitan as outras dúas víboras ibéricas.

Morfoloxía


De pequeno ou mediano tamaño, ata 75 cm e máis, pero o habitual son adultos sobre 40-50 cm; corpo robusto. Coloración dorsal de gris escuro ou claro, pasando por marrón claro e chegando a ser de tonos prateados ou avermellados. Marcado debuxo en zigzag no dorso, de cor negro ou gris moi escuro, que pode estar máis ou menos marcado. Fila de “ocelos” da mesma cor que o zigzag que recorren os costados. Escamas aquilladas dándolle aspecto “áspero”. Cabeza grande, triangular, debido ás glándulas de veneno. Ollos con pupila vertical, iris dourada e “fociño” na parte anterior da cabeza, escama rostral moi pronunciada.

Historia Natural:

Habita lugares con boa insolación. Ligada ás fontes ou lugares húmidos. Serpe diúrna que pode ser crepuscular ou nocturna nos meses de máis calor. É pouco activa e non se afasta moito do refuxio. Termorregula tomando o sol nas primeiras horas do día e últimas da tarde, evitando as horas de máis calor refuxiándose baixo as rochas.

Ameazas

A principal ameaza da víbora fociñuda é a alteración ou destrución hábitat natural porque ten escasa mobilidade e dificultade para colonizar novos hábitats e isto fai que desaparezan ou fragmenten poboacións. Sensible aos incendios e eliminación directa por humanos. As repoboacións forestais crean zonas de sombra que restrinxen o hábitat e aumenta a tendencia a solearse en estradas e pistas forestais, co risco de atropelos, aproveitamento do solo para agricultura, desenvolvemento urbano, aproveitamento



madeireiro, reforestacións intensivas, etc. e cambio climático e sobre poboación de xabaris.

Categoría global UICN: Non catalogada

Categoría España IUCN: VU (vulnerable)

Catálogo galego: VU (vulnerable)

Acción correctiva

Para contrarrestar os efectos da urbanización do litoral, pastoreo e camiñantes que aniquilan os individuos encontrados é necesaria unha campaña educativa de concienciación da sociedade. Esta víbora polo seu desprazamento e as moitas horas que as femias grávidas dedican a asollarse, fan que sexa unha especie moi vulnerable.

Bibliografía/Webgrafía

https://sghn.org/wp-content/uploads/2019/07/Herpetoloxia_AARG_Completo_2018_vertical_3.pdf

<http://www.vertebradosibericos.org/reptiles/viplat.html>

<https://www.asociaciontimon.org/especies/vipera-latastei/>

Nome científico: *Lacerta schreiberi* Bedriaga, 1878

Nome galego: Lagarto das silvas

Nome inglés: Schreiber's Green Lizard

Introdución

Especie endémica noroccidental da Península Ibérica, especialmente sensible ao deterioro do seu hábitat. Destaca pola súa anatomía e tamaño medio, sendo verde na cabeza e negro no rabo, coa a cola de maior tamaño que o resto do corpo

Situación Taxonómica

Esta especie pertence a orde Squamata, unha das ordes con máis éxito evolutivo, da familia Lacertidae que é omnívora e cun gran instinto depredador.

Distribución

Na Península Ibérica está distribuída no noroeste occidental. Ten unha presenza ampla en Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco, norte das provincias de Burgos, Palencia, León, Zamora, a metade norte de Portugal e todo o Sistema Central dende Portugal ata Soria. Nestas zonas é abundante coa excepción do País Vasco e norte de Burgos ou Palencia. Na metade sur da península a abundancia é moito menor e hai poboacións illadas en sistemas montañosos ou zonas litorais moi húmidas da costa occidental portuguesa.

Morfoloxía


A cabeza é curta e ancha, sendo a cola o dobre de longa que a lonxitude do corpo. Esta especie, polo xeral, é verde e co abdome amarelado. Os machos, ademais posúen unha coloración negra, substituída nas femias por unha cor parda. Na época de celo o macho ten o pescozo azulado.

Historia Natural

A gran maioría das poboacións atópanse en zonas cuxa vexetación potencial son bosques caducifolios de carballo, faia, bidueiro, cerquiño ou piñeiro silvestre, que dan paso a uceiras, xesteiras ou piornais en zonas máis elevadas ou deforestadas. O período de apareamiento adoita durar menos dun mes, pero as datas varían entre anos segundo o clima, podendo ocorrer entre mediados de abril e mediados de xuño. En zonas máis baixas, o período anual de apareamentos adoita ser prolongado mentres que en zonas elevadas ou en anos fríos todo o proceso reprodutor atrasase. A dieta é variada e baséase en coleópteros, araneidos, formícidos, homópteros, ortópteros e dípteros.

Ameazas

A especie está ameazada pola destrución



de ribeiras, a contaminación da auga, a alteración de cursos de arroyos e ribeiras de ríos, a extracción de auga en cursos iniciais de arroyos de montaña, a talla de sotos fluviais, a destrución de sebes, os incendios...

Acción correctiva

Cada vez as leis van protexendo máis os ríos, non permitindo verter produtos tóxicos neles e vaise combatendo contra as deforestacións masivas.

Categoría global UICN: NT (case ameazado)

Categoría España UICN: NT (case ameazado)

Catálogo galego: LC (preocupación menor)

Bibliografía/Webgrafía:

https://es.wikipedia.org/wiki/Lacerta_schreiberi

https://sghn.org/wp-content/uploads/2019/07/Herpetoloxia_AARG_Completo_2018_vertical_3.pdf

<http://www.vertebradosibericos.org/reptiles/lacsch.html>



Nome científico: *Tetrao urogallus* sp. *cantabricus*
Nome galego: Pita do monte
Nome inglés: Capercaillie

Introdución

Desapareceu de Galicia (Lugo), Cantabria e Palencia. Os últimos censos desta subespecie estiman arredor de 200 individuos. Considérase en perigo crítico polo grave declive poboacional sufrido nos últimos 20 anos e a drástica redución da súa área de distribución (extinción en Galicia e Cantabria)

Situación Taxonómica

Da Orde Galliformes, aves que teñen forma de galo, e inclúe galiñas, perdices, pavos e pintadas entre outros. Son aves terrestres, de pico e patas fortes da Familia Tetraonidae.

En España encóntrase dúas subespecies: a cantábrica (*Tetrao urogallus cantabricus*) e a pirenaica (*Tetrao urogallus pyrenaicus*).

Distribución

A subespecie cantábrica, que é a estaba presente en Galicia, na actualidade reduciu a súa distribución á parte occidental da cordilleira Cantábrica (concellos asturianos de Degaña e Cangas de Narcea) e á cara sur da cordilleira na provincia de León (Alto Sil e Omaña)

Morfoloxía

Especie de tamaño bastante grande, sobre todo o macho, que resalta pola súa plumaxe negra. As ás son acastañadas, cunha mancha branca moi evidente na zona da base. Celas vermellas moi aparentes. A femia presenta cores crípticas, acastañadas ou arroibadas, moi apencadas.

Historia Natural


Habita fundamentalmente bosques mixtos de árbores caducifolias con copas abertas, con abondosas arandeiras no sotobosque. Comen, durante a primavera, bagas, sementes, gromos e pequenos insectos. Durante o inverno, dependen case exclusivamente das follas e froitos dos acivros. Os machos cando comeza a época de celo, inician unha corte moi complexa e rechamante. Adoitan exhibirse en certas áreas chamadas cantadeiros, ao tempo que realizan unha serie de voces e chamadas para atraer as femias. Estas incuban de 6 a 10 ovos colocados nun oco do chan ao pé dunha árbore.

Ameazas

Extinguida en Galicia. Os seus últimos redutos atopábanse nos Ancares lugueses.

Son múltiples as causas da redución drástica das súas poboacións: Fragmentación e deterioro do seu hábitat. Incendios forestais. Caza ilegal e prácticas cinexéticas incompatibles. Pistas de esquí e molestias derivadas dos deportes de inverno e outras actividades turísticas e recreativas. Explotacións forestais, proliferación de pistas e infraestruturas no monte (estradas, cableados,...), centrais eólicas e infraestruturas asociadas. Inacción e falta unha adecuada xestión por parte das Administracións públicas.

Categoría global IUCN: LC (Preocupación Menor)



Categoría España IUCN: EN (Perigo de extinción)
Catálogo galego: EN (Perigo de extinción)

Acción correctiva

Para conservar esta especie é preciso protexer o seu hábitat evitando o seu deterioro e evitar as actividades humanas nas zonas de reprodución e descanso que inflúen negativamente na recuperación do número de efectivos da poboación.

Esta en marcha un programa de cría en cativeiro da subespecie cantábrica en Castilla y León, que a longo prazo podería axudar a paliar a grave situación da pita do monte cantábrica.

Bibliografía/Webgrafía

https://seo.org/wp-content/uploads/2022/01/Libro-Rojo-web-3_01.pdf

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/conservacion-de-especies/tetraourogalluscantabricus_tcm30-483585.pdf

https://cmatv.xunta.gal/secciontema/c/CMAOT_Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Biodiversidade/seccion.html&sub=Informacion_especies/&ui=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Dinamico/Especies/Ameazadas/Fauna_perigo_extincion/especie_0014.html

https://gl.wikipedia.org/wiki/Tetrao_urogallus_cantabricus

<https://gl.wikipedia.org/wiki/Tetraoninos>



Nome científico: *Aquila chrysaetos*, Linnaeus 1758

Nome galego: Águia Real

Nome inglés: Golden Eagle

Introdución

A Águia Real é a maior das aguias ibéricas, a máis poderosa, polo que se considera “a raíña dos ceos”.

Situación Taxonómica

Da Orde Falconiformes de aves de presa coñecidas coma rapaces diúrnas da Familia Accipitridae que inclúe a aguias, miñato ou voitre.

Distribución

Atópase en América do Norte, Europa, Asia, norte de África e península Arábiga. En España presenta distribución moi ampla nos sistemas montañosos. Ausente en zonas de ambas mesetas e depresión do Guadalquivir, e resulta escasa en Galicia e franxa costeira do Cantábrico e suroeste de Extremadura.

Morfoloxía

Coma a maioría das aves de presa, as femias son máis grandes que os machos. A masa corporal de 2.9 a 6 Kg e envergadura de 210 cm. Plumaxe marrón, con variedade de tonalidades, de moi escuros a rubios. As partes inferiores máis claras que as dorsais. Resultan distintivas as plumas da caluga e do curuto, lanceoladas e matices dourados.

O peteiro negro. O iris, coma os pés, amarelos. No aire presenta silueta recoñecible, ás longas e cola de certa lonxitude.


Historia Natural

A presenza é indicador da calidade do hábitat. Especie xeneralista, de dilatada distribución espacial e altitudinal, relacionada coa obtención de alimento, evitando áreas forestais extensas, agrícolas ou humanizadas. Depredadores activos que capturan as presas, dende pousadeiros ou en pleno voo e, as veces, forman equipos co outro membro da parella.

Poden ter ata dez niños nun territorio, que utilizan de maneira irregular. A femia pon entre un e tres ovos en marzo, e alimenta as crías durante as primeiras semanas de vida.

Ameazas

Factores de risco: baixa taxa de reprodución, elevada mortalidade dos polos por fratricidio, especialmente por escaseza de alimentos, nos tendidos eléctricos, en poboacións fronteirizas con Portugal sofren o uso de veneno e a persecución directa, por diminución das poboacións das presas, conexas, por pragas e enfermidades, perda do seu hábitat, pola construción de parques eólicos



e contaminación xunto cos efectos do cambio climático e a caza ilegal fan que a supervivencia se vexa ameazada.

Categoría global UICN: LC (Preocupación Menor)

Categoría España IUCN: NT (Case Ameazado)

Catálogo galego: EN (Perigo de extinción)

Acción correctiva

Pese a estar incluída en diversos catálogos rexionais de especies ameazadas, non se elaborou ningún plan de recuperación ou conservación en ningunha comunidade autónoma agás Madrid, onde levan a cabo algunhas actuacións como vixilancia de niños ou aportes de alimentación suplementaria.

Bibliografía/Webgrafía

www.biodiversidad.gob.mx/media/1/ciencia-ciudadana/documentos/Aquilachrysaetos00.pdf

<https://digital.csic.es/handle/10261/152187>

<http://www.vertebradosibericos.org/aves/aquchr.html>

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventariosnacionales/aguila_real_tcm30-99938.pdf



Nome científico: *Felis silvestris* Schreber, 1775

Nome galego: Gato bravo

Nome inglés: European wildcat

Introdución

Na Península Ibérica, e particularmente España, *F. silvestris* presentaba unha distribución xeneralizada, que pasou a ser relictas na actualidade.

Situación Taxonómica

Da Orde Carnívora dos mamíferos placentarios, de dieta carnívora e gran diversidade de tamaño e da Familia Felidae de corpo esvelto, oído agudo, fociño curto e excelente vista.

Distribución

Presente desde Europa occidental ata o Cáucaso con poboacións dispersas. Distribuída por toda a Península Ibérica, especialmente na franxa setentrional e rexión centro. A distribución detallada descoñécese en moitas zonas pola inexistencia de mostraxes específicos.

Morfoloxía

Aparencia dun gato doméstico atigrado de grande, duns 540 mm de lonxitude corporal. Robusto, patas curtas e cabeza voluminosa con bigotes densos caídos, rostro plano e fociño de cor carne. Pelo pardo-agrisado, con raias negras pola cabeza, pescozo e extremidades. Liña dorsal negra que recorre a columna vertebral desde a zona cervical hasta a lumbar, acabando bruscamente antes do comezo da cola que é longa e ancha e remata nunha borla redonda e negra.

Historia Natural


Presente en variedade de hábitats, sempre que haxa un mínimo de refuxio e presas. Prefire medios heteroxéneos en mosaico que combinen zonas abertas onde poder cazar, con áreas protexidas onde descansar e criar. Considerado de medios forestais, a súa abundancia asóciase máis co matogueira que co arborado. O gato montés evita zonas intensamente cultivadas e bosques maduros de coníferas sen estrato arbustivo. Aliméntase de toda clase de pequenos e medianos animais, especialmente mamíferos.

Ameazas

Captura e persecución. O uso de artes ilegais de control de predadores e de veneno é unha práctica común en moitas zonas de España.

Acción correctiva

Regular eficazmente o control de depredadores para impedir a captura accidental de gatos monteses; incluír as políticas de conservación de carnívoros na planificación cinxética. Control exhaustivo das poboacións de gatos cimarróns, sobre todo nas zonas con poboacións de gato montés. Esta medida debe ir acompañada de lexislación estrita que impida o abandono de gatos domésticos. Avaliación do grao de hibridación das poboacións de gato



montés. Avaliación da prevalencia no gato montés de enfermidades transmitidas polas poboacións de gatos domésticos e cimarróns. Mantemento e protección de zonas de monte e matogueira mediterránea con calidade de hábitat suficiente. Categoría global UICN: LC (preocupación menor) Categoría España IUCN: NT (case ameazada) Catálogo galego: NT (case ameazada)

Bibliografía/Webgrafía

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/ieet_mami_felis_silvestris_tcm30-99805.pdf

<http://www.vertebradosibericos.org/mamiferos/felsil.html>

<https://www.faunaiberica.org/gato-montes>



Nome científico: *Pipistrellus pipistrellus* (Schreber, 1774)

Nome galego: Morcego común

Nome inglés: Common pipistrelle

Introdución

O morcego anano ou común é un dos morcegos máis pequenos.

Situación Taxonómica

Da Orde Chiroptera, moi diversa de mamíferos placentarios de extremidades superiores desenvolvidas como ás, sendo os únicos mamíferos capaces de voar e da Familia Vespertilionidae de morcegos das zonas tépedas.

Distribución

Europa, Norte de África, Península Arábiga e subcontinente Indio. En Europa encóntanse en todo o continente. En España encóntanse en todo o territorio agás nas Illas Canarias.

Morfoloxía


O quiróptero máis pequeno de Europa, de orellas curtas, triangulares; trago de punta redondeada, máis largo que ancho. Coloración dorsal de marrón-vermello a gris-verdoso, con individuos escuros. Pelaxe ventral máis claro. A pigmentación das partes espidas da cara é escura. Carecen de protuberancia entre os orificios nasais.

Historia Natural

Refúxíase durante todo o ano en fendas e ocos, árbores, caixas niño e construcións humanas. Caza en todo tipo de hábitats, tamén nos humanizados, onde depredan sobre os insectos concentrados no alumeado urbán. Xestación variable entre anos segundo as condicións ambientais e a dispoñibilidade trófica. Colonias de cría formadas por femias que paren de finais de maio a xuño e abandonan a colonia despois do destete en agosto. Vida media de 4-5 anos. Aliméntanse de insectos e son sedentarios ou migradores rexionais. Os machos adultos son solitarios e defenden territorios próximos ao refuxio, e desde onde atraen ás femias na época de celo (agosto-setembro). Forman haréns de hasta 13 femias. A función das vocalizacións sociais é botar a competidores cando escasean as presas e atraer ás femias durante o celo.

Ameazas

Un problema de conservación é a matanza directa por animadversión cara á especie, escaseza de insectos, base da alimentación, e molestias nos ocos que habitan pola eliminación directa por molestias en edificios e perda de refuxios (derrubes, reformas e tala de árbores senlleiras e os atropelos nas estradas.



Acción correctiva

Regular actuacións en edificios e estruturas ocupadas por colonias. As normativas urbanísticas locais deben esixir en calquera obra a supervisión do Libro Rojo dos Mamíferos Terrestres. Se é inevitable a exclusión da colonia, por razóns de interese público xeral, a instalación previa de refuxios artificiais nas proximidades sábese que é unha medida compensatoria para estas especies. Categoría global UICN: LC (Preocupación Menor) Categoría España IUCN: NT (Case Ameazado) Catálogo galego: LC (preocupación menor)

Bibliografía/Webgrafía

https://gl.wikipedia.org/wiki/Morcego_com%C3%B3n

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/ieet_mami_pipistrellus_pipistrellus_tcm30-99863.pdf

https://es.wikipedia.org/wiki/Pipistrellus_pipistrellus




Tres anos de proxecto Erasmus + Estudo do cambio climático e investigación na UE

Neste proxecto de Erasmus+ (2021-2023) aborouse a análise de 82 especies ameazadas por distintas causas e no fondo relacionadas co cambio climático e os retos para a supervivencia que supoñen estes feitos.

Dentro dun traballo destas características, os estudantes do IES Felix Muriel de Rianxo propuxeron unha tipoloxía de causas de ameaza moi variada. Procedeuse a simplificar e unificar tanto os conceptos de factores de ameaza como as accións para reverter os procesos negativos nos que se ven involucradas as especies estudadas. Esta simplificación resta finura ós datos, pero pola contra permite fixar a mirada nos temas troncais determinados polo alumnado, facilitando ó achegamento ós mesmos.

Unha vez simplificados os datos, pasamos de 27 causas de ameaza a 11 e de 23 posibles accións a outras 11 accións correctivas, tal como se reflicten nos gráficos.



Debemos ser conscientes de que, salvo catástrofes naturais, os factores de ameaza son de orixe antrópica (ser humano). Tamén podemos incluír nestes factores a erosión xenética por cruce con especies ou subespecies xeneticamente próximas, posiblemente por descensos poboacionais e/ou expansión propiciada por mudar as condicións ambientais.


Así atopamos factores de orixe antrópica evitables. Non son poucos e evitar moitos deles non representan un custo para a “economía” humana. Ó contrario. Non facelo supón un custe, como ocorre coas especies exóticas invasoras (EEI). Hai máis de unha década estimábase que as EEI custaban ós europeos da UE máis de 12.000

millóns de euros ó ano. Os lumes forestais, os biocidas, contaminación das augas, etc., afectan por igual ós seres humanos e os animais e plantas (e outros reinos) cos que compartimos o planeta.

¿Que se pode facer? Sempre se pode facer algo, sempre. Dende accións custosas como os bancos de xermoplasma, última opción para evitar perder definitivamente o acervo xenético dunha especie, ata a educación, pasando por accións factibles e sensatas como o uso racional e mínimo de biocidas ou simplemente reducir a presión humana sobre medios delicados como as dunas, ou evitar obras como os paseos de formigón pola costa e ríos.

Unha cousa son as opinións, variables e múltiples e outra son os datos. Podemos opinar se algo nos gusta ou non, pero un dato é algo que está aí, que pode ser ben ou mal interpretado, pero aporta unha información allea ás opinións.

A desaparición de especies ou o quecemento global son medibles, pódense representar en frías táboas e gráficos. Guste ou non, provocan efectos como a desaparición dos recursos marisqueiros ou fan que os lumes forestais sexan cada vez máis virulentos, e iso afecta directamente a unha poboación como Rianxo, Galway ou Rijeka.



E Rianxo, que?



Rianxo, como vila mariñeira que é, esta dobremente exposta ós efectos do cambio climático, por un lado os cambios de temperatura e choivas e por outro, a subida do nivel do mar.

O nivel do mar está a subir, e dependendo dos distintos escenarios (contaminación, CO₂, atmosférico, etc.) a proxeccións poden variar, pero sempre ó alza.

Segundo a NASA, partindo do nivel costeiro que había en 1995-2014, espérase unha subida de 13 cm para o ano 2023, 23 cm para o ano 2050 e 38 cm para o ano 2080. Parece lonxano, pero moitos dos que leades estas liñas, veredes na vosa vida estas datas.

Invitamos a visitar páxinas de organismos oficiais ou especializadas como Clima Central (Climate Central) (<http://sealevel.climatecentral.org/>) para facer simulacións do que pode pasar.

Tamén invitamos a reflexionar que perdemos, física e culturalmente se non remediamos a actual senda do cambio climático.



Imaxes da costa de Rianxo actual (figura superior) e unha proxección de unhasubida de medio metro de auga. A zona que queda mergullada esta delimita en azul máis claraq (<http://sealevel.climatecentral.org/>)

Pode verse como a vila de Rianxo é das zonas máis afectadas neste tramo da ría de Arousa.



A **Sociedade Galega de Historia Natural (S.G.H.N.)**. Fundada en 1973, é «unha asociación independente e científica, dedicada ó estudo, divulgación, conservación e defensa da natureza e do medio ambiente, que non téñen na súa actuación fins lucrativos» (Art. 5º dos Estatutos).



A **SGHN** é unha asociación legalmente inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co nº 584.918, inscrita no rexistro de Entidades de carácter ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia co nº 2009/0110 e co número AO/C-000/382 no Rexistro de Asociacións Culturais Galegas.

Onde estamos e como nos organizamos

SGHN organízase por delegacións e seccións.

Podes ver o detalle e contacto das mesmas en

<https://sghn.org/sghn/directorio/>



Museo

Ten unha estrutura expositiva distribuída en dous andares. No andar baixo está a recepción, o salón de actos, biblioteca, laboratorio e sala de lectura.

O andar primeiro hai dúas salas, que suman uns 500 m², con módulos didácticos atendendo á súa temática.

O MHN está aberto gratis ao público grazas a un convenio co Concello de Ferrol. As instalacións abre todos os días, agás luns, o día 1 de xaneiro e o 25 de nadal. O horario é de 9:30-13:30 h e de 16:30-20:30; os meses de xullo e agosto é festivos é de 10-14 h.

O MHN ofrece visitas guiadas a grupos maiores de cinco ou máis persoas baixo demanda e visitas libres.



Calamar xigante (*Architeuthix dux*)

Custodia do Territorio

Dirixida a rehabilitar hábitats para especies como a conícara (*Vanellus vanellus*), cardo das ribeiras (*Eryngium viviparum*), sapiño de esporóns (*Pelobates cultripes*) e resto de fauna e flora asociada a hábitats lacustres.




Actualmente temos en propiedade 1,32 ha en veigas asolagables da chaira limiá (zona húmida Antonio Villarino)
Alugados ó Bantegal 37,94 ha
Acordos de custodia 20,72 ha
Un total de 97 predios e 59,98 ha

Somos parte fundadora de Terras do Mandeo, constituída por Rabo de Galo, GN Hábitat e SGHN, con 26,83 Ha en custodia.

Publicacións

Divulgamos os coñecementos e a concienciación a través de diversas publicacións como **Paspallás**, revista divulgativa **BRAÑA**, revista científica **Atlas**, somos os autores do primer atlas de vertebrados de Galicia, revisión dos hérpetos e tamén de invertebrados, en curso o Atlas de especies exóticas invasoras e outros máis de insectos.



¡COLABORA CONNOSCO!

O labor da SGHN precisa da colaboración dos seus socios e simpatizantes, tanto nos labores administrativos, coma nas actividades. Suxire, propón, aporta as túas inquiredanzas na túa Delegación, na túa vila ou en calquera das Seccións existentes. Calquera aportación é benvida e necesaria.





Ti debes ser o cambio que desexas ver no mundo.

Mohandas Karamchand Gandhi (1869-1948)